

Xerencia



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Vista a proposta de designación dun asesor experto formulada pola comisión de valoración que xulgará o concurso específico para o posto de Xefe/a de Servizo de Estudantes, subgrupo A1/A2, da Universidade da Coruña, convocado por Resolución do 4 de abril de 2025 (DOG do 11 de abril), para colaborar con dita comisión.

Esta Xerencia, no uso das atribucións conferidas polo artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), e en virtude da delegación de competencias realizada por Resolución reitoral do 10 de xullo de 2024, e tendo en conta o disposto no artigo 15 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira (DOG núm. 173, do 12 de setembro),

RESOLVE:

Nomear a José Luís Añón Teijido como asesor experto da devandita comisión, con voz e sen voto, e co dereito a percibir, por este cometido, unha gratificación igual á que corresponde a un membro da comisión por cada sesión.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
O reitor
PD A xerenta (RR 10.07.2024)
M^a Jesús Grela Barreiro